

"Eso le pasa por ser mujer"

"Vienen a robar y a quitarnos el trabajo"

"Todos los inmigrantes son delincuentes"

"¿Dónde ^{eres} vi ves?"

"NO IBAS A WA OER"

"CAROLINA, MOUNIRA, ETC"

"EL 90% DE LOS GITANOS NO SON DE FIAR"


"Ojalá saquen a toda la mierda del país"
Viniste en petere

"¿SE NEGRO DE HUELEN MAL? HUELEN A SUENA!"

estas en españa

por que hablas en

ARABE
!!!



Por la forma de vestir i puta!

"VIENE A ESPAÑA A UNIRSE VIEJOS O LIMPIO"

Nunca lo vas a lograr

"ERES LATINA, ERES PUTA?"

"VIVES A COSTA DE LOS ESPAÑOLES" → Y DE MIERDA AYUDAS

"VOX TIENE RAZÓN" (EUM!)

"LOS MOROS SON FALSOS"

Relaciones

As persoas do colectivo inmigrante que participaron expresaron como se sentían cara os discursos de odio nunha cartografía grupal. Debuxaron unha silueta e foron incorporando os diferentes impactos no seu corpo.

Con respecto á dimensión emocional, as participantes compartiron unha serie de experiencias seguidas das emocións que estas lles causaron internamente. Comentarios como “nunca lo vas a lograr”, “eres latina, eres puta?” ou “vives a costa de los españoles y de nuestras ayudas”, producen nelas sentimentos de impotencia e rabia, ao non entender a razón (inexistente) de dita discriminación. Recolleron na silueta palabras como “tristeza”, “ansiedad”, “vergüenza” ou “asco”, dando mostra das emocións que lles producen este tipo de discursos de odio.

Analizando o comportamento das participantes encontrámonos con diferentes reaccións emocionais á hora de compartir vivencias propias. Destacamos unha moza a quen lle costou, sobre todo ao comezo, expresar os seus sentimentos, debido á gran carga emocional que lle producía.

A nivel xeral, todas se mostraron esgotadas mentalmente con esta problemática, porque non ven unha melloría, sendo algo que sufren practicamente a diario (sexan discursos, miradas ou accións de terceiros que perciben).

Con respecto á dimensión física, transmitíronnos que é peor cos síntomas do coronavirus. Séntense como unha “merda pisoteada”, como nos explicaba unha rapaza. Todas as participantes notan unha carga especial pola súa condición de inmigrantes, coma se fose unha forza que as empuxara dende os ombreiros cara abaixo. A dor tamén é algo común á maioría, encontrando o malestar físico como un dos seus maiores expoñentes, con dores musculares e estomacais (que lles producen náuseas e incluso vómitos). Ademais, representaron esta dor como unha dor nos oídos, provocada pola gran cantidade de discursos de odio que escoitan.

Os discursos de odio provocan unha ferida aberta que se cicatriza co tempo, pero que deixa unha marca e cambia á persoa (como representamos nun brazo da silueta). Representaron un corazón roto, como unha dor no peito tras sentirse “traizoadas” por algunhas persoas que lles dan as costas sen apenas coñecelas.

Con respecto á dimensión relacional, tras debater acerca das experiencias vividas chegaron á conclusión de que non se senten plenamente integradas na sociedade, debido á discriminación indirecta e directa que sufren, dando lugar a que non se sintan identificadas como parte da sociedade española.

Pero tamén é de destacar o espírito de cambio dalgunhas persoas. Unha delas falounos de que había moitos prexuízos con respecto aos practicantes do islam, e que a súa relixión se baseaba na paz e no amor. As persoas reflexionaron acerca de como a existencia de barreiras e fronteiras físicas que nos separan entre países, non nos deixan ver a realidade da situación. A pesar de que cada territorio pode ter unha cultura diferente, todas as persoas somos as mesmas en materia de dereitos e deberes, polo que cada un de nós merecemos o mesmo nivel de respecto. Destacouse a necesidade de educar para a tolerancia a diversidade.